

1. Sinala o prefixo de cada unha destas palabras:

- Di cal é o significado de cada unha delas
- Despois indica tamén o significado do seu prefixo. Fíxate no exemplo:

Indefinido: Que non ten os límites marcados ou non se percibe con claridade.

In-: negación.

predefinido:

desfeito:

contrafeito:

extraordinario:

anteface:

subterráneo:

retrovisor:

infrautilizado:

supermercado:

pronome:

solombo:

transoceánico:

2. Partindo dos prefixos que che ofrecemos tes que crear a palabra que se corresponde coas seguintes definicións:

foto- hemi- epi- micro- co- anti- bi-

Unha vez que as teñas creadas, dá o significado de todos os prefixos.

- Que sente atracción sexual por persoas de ambos os dous sexos.
- Persoa que realiza, xunto con outra ou outras, unha acción determinada, especialmente cando constitúe un delito.
- Forma de presentación e de propagación dunha enfermidade contaxiosa, cando o número de casos supera, de maneira significativa, as cifras de incidencia normais desa enfermidade nunha poboación concreta.
- Intolerancia anormal á luz.
- Cada unha das dúas metades en que divide unha esfera un plano que pasa polo centro.
- Organismo vivente só visible ao microscopio.
- Que serve para combater certos microorganismos nocivos para a saúde.